

**MEDIDAS DE PROTECCIÓN FRONTE AO CONTAXIO DE COVID-19 EN PROCESOS
SELECTIVOS NO CONCELLO DE VIGO – FRONTÓN CUBERTO COMPLEXO
DEPORTIVO AS TRAVESAS****OFICIAL MECÁNICO****INFORMACIÓN PARA OPOSITORES: MEDIDAS DE PROTECCIÓN FRONTE AO
CONTAXIO DE COVID-19**

- Ningunha persoa acudirá á realización da proba se foi diagnosticada como positiva en COVID-19 e non finalizou o período de illamento, presenta síntomas compatibles coa COVID-19 (febre alta, tos seca e falta de aire son os máis comúns) ou se atopa en período de corentena por haber tido contacto estreito cunha persoa con síntomas ou diagnosticada da COVID-19.
- En caso de que algún/ha participante pertenza ao grupo de poboación vulnerable fronte á COVID-19 e necesite dalgunha adaptación indicada polo seu profesional sanitario, o comunicará ao órgano convocante antes da celebración do exame, xustificando esta vulnerabilidade adecuadamente mediante certificado médico (exención ao uso de máscara, necesidade de utilizar máscara de protección tipo FFP2 ou FFP3...).
- Recoméndase non acudir acompañados/as para evitar aglomeracións.
- Recoméndase puntualidade. Se chega con antelación e acudiu en vehículo particular permanece no interior do seu vehículo ata que se aproxime á hora do exame.
- Deberá manter a distancia de seguridade en todo momento, tanto no interior como no exterior das dependencias. Evitará aglomerarse ao redor das portas de acceso. O chamamento realizarase co suficiente volume como para permitir que escoite perfectamente.
- Evitará aglomerarse no acceso e na saída.
- Ensine o DNI estendendo o brazo cara a persoa que realiza o chamamento para facilitar o proceso e sega as súas instrucións.
- No momento do acceso indícaráselle a cada participante que lave as mans con solución hidroalcohólica e lle será entregada unha máscara cirúrxica que deberá substituír pola que leva posta. Desta forma se garante que todas son conformes a normativa e cumpren os valores requiridos de BFE. A continuación dirixirase á cadeira cuxo número coincida co número do aspirante na lista definitiva de admitidos.
- Cada participante ocupará o mesmo lugar durante toda a proba, a menos que resulte indispensable realizar un cambio, caso no que se deberán adoptar as medidas de desinfección necesarias.
- En caso de que algún/ha aspirante non poda desinfectar as mans por ter algunha ferida, corte, venda ou férula nalgunha man disporá de luvas por se as quere utilizar. Non se permitirá a utilización de luvas que traian postas.
- Cada participante levará o seu propio bolígrafo e material que sexa necesario para a



realización do exame de acordo coa convocatoria da proba.

- Non se permitirá o uso dos aseos salvo urxencia. En caso de utilizarse, respectaranse os aforos e manterase a distancia mínima de seguridade en todo momento.
- Respectarase a sinalización do recinto en todo momento (distancia de seguridade, límite de aforo, sentidos de circulación).
- Non abandonará a sala ata que o tribunal o indique. A sala baleirarase comezando polos postos máis próximos á saída, seguindo as instrucións do tribunal. Unha vez finalizada a proba abandonará as dependencias e inmediacións evitando aglomeracións de persoas.
- Se nas seguintes 72 horas á celebración do exame é diagnosticado/a positivo/a en COVID-19, solicítase o comunique ao Concello de Vigo no correo electrónico ofi.recursoshumanos@vigo.org por se fora necesaria a adopción de medidas preventivas.
- Lémbrese que unha das medidas fundamentais para evitar a propagación da COVID-19 é unha adecuada ventilación dos espazos, polo que portas e ventás permanecerán abertas durante a celebración do exame.
- No caso de aparición de síntomas durante a celebración da proba avisarase ao tribunal ou persoal de apoio. O recinto conta cunha sala COVID ao que será conducido neste caso. Os síntomas máis comúns compatibles coa COVID-19 inclúe febre, tose e sensación de falta de aire. Nalgúns casos tamén pode haber diminución do olfacto e o gusto, calafríos, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos.

**CONCELLO
DE VIGO**



Concellería de
Contratación, Patrimonio
e Xestión Municipal

Área de RRHH e
Formación

ACCESO AO FRONTÓN DO COMPLEXO DEPORTIVO AS TRAVESAS OEP 2014-2016: PROBA OFICIAL MECÁNICO



FRONTÓN DO COMPLEXO DEPORTIVO AS TRAVESAS OEP 2014-2016

